

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CAMBRE

Aprobación inicial das bases e convocatoria do "I Torneo Municipal de Xadrez Agosto en Cambre Blitz"

ANUNCIO

A corporación municipal en Pleno, en sesión ordinaria de data 29 de xullo de 2019, celebrada con carácter supletorio da correspondente ao 26 de xullo, aprobou inicialmente as bases da I Edición do Torneo xadrez agosto en Cambre Blitz, así como a súa convocatoria, transcribíndose integramente a continuación o texto das citadas bases:

"I AGOSTO EN CAMBRE BLITZ"

Primeiro.–O torneo "I Agosto en Cambre Blitz" celebrarase no pavillón Sofía Toro de Cambre (rúa Wenceslao Fdez. Flórez CP 15660 Cambre) o día 17 de agosto de 2019.

Segundo.–Xogarase por sistema suízo a sete ou oito roldas dependendo do número de xogadores. O ritmo de xogo será 3 minutos por xogador + 2 segundos por xogada.

Terceiro.–O torneo será válido para a obtención de ELO internacional de xadrez blitz.

Cuarto.–O torneo comezará coa presentación dos xogadores ás 11:00 e rematará coa entrega de premios ás 13:30.

Quinto.–A orde de aplicación dos sistemas de desempate será: 1.º resultado particular, 2.º bucholz brasileiro, 3.º bucholz total e 4.º progresivo ata as derradeiras consecuencias.

Sexto.–Os emparellamentos realizaranse por sistema informático contra o que non se poderán presentar reclamacións.

Sétimo.–Non haberá comité de competición, as decisións do árbitro son inapelables.

Oitavo.–É necesario estar federado na tempada actual para poder inscribirse no torneo.

Noveno.–As inscricións son gratuítas e realizaranse antes do xoves 15 de agosto ás 21.00 mediante o email escolaxadrezsigras@hotmail.com ou deportes@cambre.org

Décimo.–O pagamento efectuarase mediante transferencia bancaria. Con carácter previo ao pagamento comprobarase que os premiados estean ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social. Para o pago dos premios é necesario a presentación do NIF, NIE ou documento que acredite a identidade do deportista. A organización facilitará unha ficha aos premiados para cumprimentar os seus datos fiscais e asinarán unha autorización para comprobar que estean ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Décimo primeiro.–Todo o non especificado nestas bases rexerase polas normas e regulamento da FIDE.

Décimo segundo.–Os participantes no torneo autorizan a publicación dos seus datos persoais nos diferentes medios de comunicación que a organización considere oportunos para a necesaria difusión do evento (listado de resultados, clasificacións, participantes, fotos...).

Décimo terceiro.–A participación neste torneo supón a aceptación destas bases.

Décimo cuarto.–Para o financiamento dos premios deste torneo existe crédito por importe de 220,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2019 341 48100 "Becas e premios promoción Deporte" no actual orzamento municipal.

Décimo quinto.–Os premios do torneo serán os seguintes:

- 1.º clasificado: 60 € + trofeo
- 2.º clasificado: 50 €
- 3.º clasificado: 40 €
- 4.º clasificado: 30 €
- 5.º clasificado: 20 €
- 1.º local: 20 €

O presente acordo publicarse no Boletín Oficial da Provincia e abrirase un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobadas as Bases e a convocatoria, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na paxina web municipal.

Darase traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, e comunicarse o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Cambre, 31 de xullo de 2019.

O alcalde

Óscar A. García Patiño

2019/6444